

## Eleccións maio 2019

O 26 de maio de 2019 levaranse a cabo en España eleccións ao Parlamento Europeo, ás Asembleas Legislativas de doce Comunidades Autónomas (todas agás Andalucía, Cataluña, Comunitat Valenciana, Galicia e País Vasco) e ás Asembleas de Ceuta e Melilla.

Se desexa participar nestas eleccións debe solicitalo non máis tarde do 27 de abril de 2019 mediante unha das seguintes opcións:

- Por internet con certificado electrónico/CI@ve. Deberá acceder ao trámite "Solicitud voto CERA" na dirección [https://sede.ine.gob.es/Solicitud\\_voto\\_CERA](https://sede.ine.gob.es/Solicitud_voto_CERA) mediante un certificado electrónico recoñecido asociado ao seu Documento Nacional de Identidade (DNI)/CI@ve.
- Por internet coa clave de tramitación telemática CTT remitida de oficio por correo postal ao domicilio da súa inscrición. Deberá acceder ao trámite "Solicitud voto CERA" na dirección [https://sede.ine.gob.es/Solicitud\\_voto\\_CERA](https://sede.ine.gob.es/Solicitud_voto_CERA) mediante a CTT, seguir as instrucións que se lle presenten e achegar o ficheiro da imaxe DUN dos seguintes documentos:
  - Documento Nacional de Identidade español (DNI).
  - Pasaporte expedido polas autoridades españolas.
  - Certificación de nacionalidade española (de expedición gratuíta no Consulado ou Embaixada en que estea inscrito).
  - Certificación de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular (de expedición gratuíta no Consulado ou Embaixada en que estea inscrito).
- Por correo postal ou por fax (\*) á Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral da provincia en cuxo censo se atope inscrito en España, sen ter en conta os cambios de municipio de inscrición producidos no ano anterior á data da convocatoria. Deberá cumprimentar a solicitude de voto e a data, asinala e achegar UN dos seguintes documentos:
  - Fotocopia do Documento Nacional de Identidade español (DNI).
  - Fotocopia do pasaporte expedido polas autoridades españolas.
  - Certificación de nacionalidade española (de expedición gratuíta no Consulado ou Embaixada en que estea inscrito).
  - Certificación de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular (de expedición gratuíta no Consulado ou Embaixada en que estea inscrito).

(\*) Pode consultar a dirección postal e fax da Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral en [http://www.ine.es/oficina\\_censo/contactar\\_oce.htm](http://www.ine.es/oficina_censo/contactar_oce.htm) A Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral enviaralle a documentación para votar cunha folla de instrucións non máis tarde do 6 de maio ou do 14 de maio se se producira impugnación de candidatos.

Pode obter máis información sobre o procedemento de votación na súa Embaixada ou Consulado e en [www.infoelectoral.interior.es](http://www.infoelectoral.interior.es), [www.exteriores.gob.es](http://www.exteriores.gob.es) e en [www.ine.es](http://www.ine.es)

### SOLICITUDE DE VOTO DOS ELECTORES RESIDENTES NO ESTRANXEIRO (CERA)

(CUMPRIMENTE TODOS OS APARTADOS DO IMPRESO EN LETRAS MAIÚSCULAS)

_____ primeiro apelido	
_____ segundo apelido	
_____ nome	
Data de nacemento:	_____ día _____ mes _____ ano / ano
Identificador: <input type="checkbox"/> DNI <input type="checkbox"/> Pasaporte	
Número _____	
_____ país de residencia	
_____ provincia de inscrición electoral	
_____ municipio de inscrición electoral	
Á presente solicitude adxunto o seguinte documento marcado con "X":	
<input type="checkbox"/> Fotocopia do Documento Nacional de Identidade español (DNI)	
<input type="checkbox"/> Fotocopia do pasaporte expedido por autoridades españolas	
<input type="checkbox"/> Certificación de nacionalidade española (de expedición gratuíta no Consulado ou Embaixada en que estea inscrito)	
<input type="checkbox"/> Certificación de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular (de expedición gratuíta no Consulado ou embaixada en que estea inscrito)	
<b>Datos de contacto do/da elector/a (OPCIONAL):</b>	
..... teléfono	..... correo electrónico
..... de ..... de ..... Firma do/da interesado/a	

Enviar a solicitude de voto por correo postal ou por fax a:

DELEGACIÓN PROVINCIAL DA OFICINA DO CENSO ELECTORAL DE .....